



RE Regulamento carreira popular “IX San Silvestre Concello de Fene”. 30-12- 2023.

CARREIRA POPULAR “IX SAN SILVESTRE – CONCELLO DE FENE” 30 DE DECEMBRO DE 2023

REGULAMENTO DA PROBA

Artículo 1. INFORMACIÓN BÁSICA

O Concello de Fene organiza a Carreira popular “IX SAN SILVESTRE – CONCELLO DE FENE”. A proba terá lugar o día 30 de decembro de 2023 a partir das 17:00 horas. A saída e meta estarán situadas diante do Concello de Fene (na Avenida do Concello).

Artículo 2.- PARTICIPANTES

A proba está aberta a tódolos atletas, federados ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade.

Cada corredor participa baixo a súa responsabilidade e dispón dun nivel de condición física suficiente para afrontar a proba.

Artículo 3.- CATEGORÍAS

Establécense as seguintes categorías de participación segundo os anos de nacemento.

| CATEGORÍA | ANO de NACEMENTO | DISTANCIA |
|------------------|-------------------------|------------------|
| BIBERÓNS | 2019 | 50 m. |
| PITUFOS | 2018 | 100 m. |
| SUB 8 | 2016 - 2017 | 200 m. |
| SUB 10 | 2014 - 2015 | 400 m. |
| SUB 12 | 2012 - 2013 | 800 m. |
| SUB 14 | 2010 - 2011 | 1.200 m. |
| SUB 16 | 2008-2009 | 2.500 m. |
| SUB 18 | 2006 - 2007 | 2.500 m. |
| ABSOLUTA | 2005 e anteriores | 5.000 m. |
| ANDAINA | TÓDALAS IDADES | 2.500 m. |

Artículo 4.- PERCORRIDO, DISTANCIA E HORARIOS

O circuito sobre asfalto estará pechado ao tráfico (salvo os vehículos autorizados pola Organización) e estará controlado e vixiado pola Policía Local, Protección Civil e colaboradores da Organización. Calquera outro tipo de acompañamento está prohibido.

Tódalas categorías correrán nun circuíto urbano, polo Concello de Fene.

As saídas das carreiras terán lugar ás seguintes horas:

| CATEGORÍA | HORA (*1) | DISTANCIA |
|-----------------|-------------------|-----------|
| ABSOLUTA | 17:00 | 5.000 m. |
| SUB 18 / SUB 16 | 17:45 | 2.500 m. |
| ANDAINA | 17:55- 18:20 (*2) | 2.500 m. |
| BIBERÓNS | 18:30 | 50 m. |
| PITUFOS | 18:45 | 100 m. |
| SUB 8 | 19:00 | 200 m. |
| SUB 10 | 19:15 | 400 m. |
| SUB 12 | 19:30 | 800 m. |
| SUB 14 | 19:45 | 1.200 m. |

*1.- Os **horarios** de saída son **aproximados** e poden variar segundo o desenvolvemento das carreiras.

*2.- Os /As participantes na **andaina**, deberán percorrer o circuíto de 2,5 km nun tempo máximo de 25 minutos. Aquelas persoas que non o remataran nese tempo, subirán ao coche escoba que os/as levará ata a meta para poder comezar coas carreiras de “Biberóns” e sucesivas.

Poderanse establecer quedas de saída de grupos de 10 participantes nas categorías de “pitufos” e “biberóns”.

Artículo 5.- CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

5.1.- As inscricións poderanse efectuar a través do sistema online, na páxina web da FGA www.carreirasgalegas.com

As inscricións pecharanse o día 24 de decembro ás 23:59 horas.

Non se admitirán inscricións presenciais o mesmo día da proba.

5.2.- Os participantes comprométense a:

- Aceptar estritamente tódolos artigos do presente regulamento.



RE Regulamento carreira popular “IX San Silvestre Concello de Fene”. 30-12- 2023.

- Aceptar as posibles modificacións da proba que teña que realizar a Organización obrigada por causas alleas á súa vontade.

5.3.- A inscrición da carreira é persoal e intransferible.

5.4.- A formalización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido o compromiso que a continuación se expón:

“Certifico que estou en bo estado físico. Eximo á organización, aos sponsors ou patrocinadores comerciais, directivos, empregados e demais organizadores, de toda responsabilidade que da participación no evento puidera derivarse tal como perda de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias e do perigo de lesión.”

Asemade, no momento de formalizar a inscrición, os participantes estarán declarando a súa responsabilidade sobre os seguintes termos:

- X Que teño lido, entendido, aceptado e me comprometo a cumprir o Regulamento desta proba, colaborando en todo o posible coa Organización.
- X Que non pertenezco a ningún grupo de risco.
- X Que son consciente dos riscos que implica a participación na actividade, e que os asumo baixo a miña propia responsabilidade.

É importante ter en conta que esta declaración responsable fará referencia ao mesmo día da proba, polo que no caso de non poder cumprir algún dos ítems anteriores, o/a atleta non tomará parte na carreira.

5.5.- A Organización resérvase o dereito a rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións do evento expostos no presente regulamento. No caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non especificada no mesmo, estarase ao que dispoña a organización.

5.6.- RETIRADAS E DESCUALIFICACIÓNS:

O servizo médico da competición e os xuíces árbitros están facultados para retirar da carreira a :

- Calquera atleta que manifeste un mal estado físico.
- A todo atleta que non realice o percorrido completo
- A todo atleta que non teña dorsal ou non o leve visible por diante, dobre ou manipule a publicidade ou o fotocopie.



RE Regulamento carreira popular “IX San Silvestre Concello de Fene”. 30-12- 2023.

- A todo atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a Organización, á marxe do estipulado no apartado de reclamacións.

No caso da **Andaina**, deberá finalizarse o percorrido de 2.500 m. en 25 **minutos** para poder comezar en tempo coas carreiras da categoría **Sub 14 e sucesivas** Todos aqueles que pasados 30 minutos non a teñan rematada deberán retirarse e serán recollidos polo vehículo de apoio da proba. No caso de non querer ir no vehículo de apoio deberán seguir pola beirarrúa baixo a súa responsabilidade.

Artículo 6.- CUSTO DA INSCRICIÓN

A inscrición será GRATUÍTA para tódalas categorías de MENORES e ANDAINA.

O custo para os participantes da carreira ABSOLUTA será de 3 euros.

Artículo 7.- RETIRADA DE DORSAL – CHIP

Os participantes deberán retirar o dorsal – chip o venres, día 29 de decembro, no Salón de Plenos do Concello de Fene – Planta baixa (Praza do alcalde Ramón José Souto González)) en horario de 10:00 a 13:30 h e de 16:00 a 20:00 horas.

- En casos excepcionais, no caso de non ser posible a súa recollida o día 30, poderase recoller o día 30 de decembro no salón de Plenos do Concello de 15:30 a 16:30 h.

Artículo 8.- PREMIOS

Os tres primeiros clasificados/as das categorías: Absoluta, sub 18, sub 16, sub 14, sub 12 , sub 10 e sub 8 tanto masculino como feminino, recibirán un obsequio ou trofeo.

Tódolos participantes das demais categorías de CARREIRAS serán agasallados.

Artículo 9.- APELACIONES

As reclamacións relativas á clasificación deberán facerse verbalmente, antes dos 30 minutos de facerse públicos os resultados, ao Xuíz Árbitro ou na Secretaría da Competición, sendo o Xuíz Árbitro encargado de resolverlas.

Todo o non previsto neste regulamento resolverase conforme as normas da F.G.A. , R.F.E.A. e W.A. por esta orde.

Artículo 10.- AVITUALLAMENTOS

Na zona de meta establecerase un avituallamento final líquido e sólido

Artículo 11.- SEGUROS



RE *Regulamento carreira popular "IX San Silvestre Concello de Fene"*. 30-12- 2023.

Tódolos participantes estarán cubertos por unha póliza de Responsabilidade Civil, e outra de Accidentes proporcionada pola licencia de día da F.G.A.

A Organización declina toda responsabilidade sobre os danos físicos ou morais que durante a participación nesta proba poida causarse un atleta a si mesmo ou a terceiros.

Artículo 12.- CONSENTIMENTOS

Tódolos participantes, polo feito de formalizar a inscrición, dan o seu consentimento para que a Organización, por si mesma ou mediante terceiras entidades, traten informaticamente e con finalidade exclusivamente deportiva, promocional ou comercial, os seus datos de carácter persoal, así como a súa imaxe dentro da proba mediante fotografías, vídeo, etc.

De acordo co que establece a lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, o participante poderá exercer o seu dereito de acceso a estes ficheiros co obxecto de rectificar ou cancelar de forma parcial ou total o seu contido. Para exercer este dereito deberá solicitalo por escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. De Glasgow, Nº 13. 15008. A Coruña.

OUTRAS DISPOSICIÓNS.

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

ASISTENCIA MÉDICA E SEGUROS

A Organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta desde media hora antes do comezo das probas e ata media hora despois da finalización. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Tódolos participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e Accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa de competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo.

A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón:



RE Regulamento carreira popular “IX San Silvestre Concello de Fene”. 30-12- 2023.


“Certifico que estou en bo estado físico. Eximo á organización, aos sponsors ou patrocinadores comerciais, directivos, empregados e demais organizadores, de toda responsabilidade que da participación no evento puidera derivarse tal como perda de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias e do perigo de lesión.”

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Tódolos participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. De Glasgow, 13. 15008. A Coruña.

PERCORRIDOS DAS DIFERENTES CATEGORÍAS.

SAN SILVESTRE ABSOLUTA 2023 – 5 KM



SAN SILVESTRE SUB-14 - Percorrido de ida e volta: 1,2 KM



SAN SILVESTRE SUB-12 - Percorrido de ida e volta: 800 mts.





SAN SILVESTRE SUB-10 - Percorrido de ida e volta: 400 mts.



SAN SILVESTRE SUB-8 -Percorrido de ida e volta: 200 mts.

RE Regulamento carreira popular “IX San Silvestre Concello de Fene”. 30-12- 2023.



SAN SILVESTRE PITUFOS - Percorrido de ida e volta: 100 mts

SAN SILVESTRE BIBERÓNS - Percorrido de ida: 50 mts

